

Clausura do Obradoiro de Emprego dos Concellos de Boqueixón e Vedra

O Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra deu por concluída a súa actividade, logo de 9 intensos meses de traballo e aprendizaxe. A clausura oficial desenvolveuse nas instalacións do edificio da antiga estación de Santa Cruz de Ribadulla e presidiuna o delegado territorial da Xunta, Ovidio Rodeiro, xunto cos alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e de Vedra, Carlos Martínez Carrillo.

Na súa intervención, Fernández Munín agradeceu a alumnado e profesorado “o traballo desenvolvido neste tempo, agardando que resultase moi proveitoso”. Neste senso, felicítounos polo “bo labor levado a cabo”.

Un total de 20 persoas participaron no Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra, “que contou cun orzamento de máis de 280.000 euros”, tal e como explicou Rodeiro. O alumnado recibiu



O Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra formou durante nove meses a un total de vinte alumnos e alumnas

os certificados de profesionalidade nas especialidades de Operacións auxiliares de revestimentos continuos en Construción e de Traballos de carpintería e Moble.

Este Obradoiro de Emprego realizou varias melloras na Casa da Cultura de Camporrapado e no local social de Lestedo. No primeiro caso, acometeuse a reposición do pavimento, teitos e

carpintería na pranta baixa, ademais de ampliar o soto co derrube dun tabique.

O alumnado tamén completou unha importante reforma no primeiro andar da Casa da Cultura, que permitiu a habilitación dun aula de formación homologada. Ademais, levouse a cabo a reposición de toda a carpintería, e colocouse tarifa flotante en todo este andar.

Pola súa banda, o local social de Lestedo foi obxecto tamén de varias reformas. Parte delas centráronse en traballos de pintura, na pranta baixa –aplicando tamén unha nova capa ao chan-, e no segundo andar. Na terceira pranta, pintouse a sé do CRA Boqueixón-Vedra e habilitouse un local situado xusto a carón deste, listo para o seu uso.

Curso de uso do desfibrilador para os corpos de Emerxencias

O Concello de Boqueixón acolleu recentemente un curso sobre o manexo do desfibrilador. Esta acción formativa estivo dirixida aos integrantes dos corpos de Emerxencias da comunidade, dentro das actividades organizadas pola Axencia Galega de Emerxencias.

A esta sesión, que se desenvolveu durante toda a mañá nas instalacións da casa consistorial boqueixanesa, acudiron máis de vinte profesionais chegados dende distintos puntos da comunidade autónoma. O delegado da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, asistiu a esta cita.





As piscinas municipais abriron as súas portas o pasado sábado 23 de xuño

As piscinas municipais deron a benvida ao verán con renovadas e melloradas instalacións

O Concello de Boqueixón estrenou co día de San Xoán as renovadas instalacións das piscinas municipais externas. As obras supuxeron unha inversión de 40.000 euros procedentes de fondos propios. “Esta actuación resultaba moi necesaria, dado que as instalacións reflexaban certas deficiencias. Agora contamos cunha piscina municipal renovada e apta para dar un servizo axeitado ás necesidades da veciñanza”, explicou o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

As obras supuxeron a total reposición do recubrimiento do vaso da piscina grande. Ademais, renovouse o pavimento de toda a zona de solarium colocando novas plaquetas antideslizantes, xa que as existentes

se atopaban deterioradas, e que cumpren coa normativa vixente. Completouse a actuación coa poda e arranxo das tullas que fan o peche destas instalacións deportivas.

Este complexo consta de dúas piscinas, unha delas dirixida á poboación máis nova e outra para maiores. As instalacións deportivas permanecerán abertas durante todo o verán en horario de 15.00 a 21.00 horas. En caso de condicións meteorolóxicas adversas, as piscinas municipais permanecerán pechadas.

Os prezos para os abonos de 20 entradas son de 6 euros (para nenos e nenas de ata 16 anos) e de 12 euros para as persoas maiores desta idade. Tamén hai distintas opcións para os abonos de tipo familiar.

Rematan os encontros co alcalde nas parroquias

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, concluíu en xuño a súa rolda de reunións coa veciñanza das distintas parroquias do municipio. Os últimos lugares nos que se desenvolveron foron Pousada e Oural, nos dous primeiros venres (1 e 8, respectivamente) do pasado mes.

Estes encontros tiveron como principal obxectivo, en verbas do rexedor boqueixanés, “coñecer de primeira man as necesidades da veciñanza das catorce parroquias do noso municipio e informarles sobre os proxectos xa desenvolvidos e as futuras actuacións que se prevén en cada unha delas”.

En todos estes encontros, Manuel Fernández Munín, estivo acompañado por diversos concelleiros do equipo de goberno, así como polo delegado territorial da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro Tato.

Entre as principais reclamacións realizadas pola veciñanza nas distintas sesións atopáronse as relacionadas coas infraestruturas viarias, ademais de melloras nos servizos básicos. Neste senso, o alcalde de Boqueixón valorou moi positivamente “a alta participación rexistrada en todas as reunións, o que nos axuda a dar resposta ás necesidades da nosa veciñanza”.



A última das sesións desenvolveuse cos veciños e veciñas de Oural



Un intre da reunión celebrada na parroquia de Pousada, a principios de xuño



Autoridades, encabezadas pola conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, tras a inauguración da feira forestal

Sergude convértese en punto de encontro con Galiforest Abanca

A parroquia de Sergude converteuse na última fin de semana de xuño no punto de encontro do sector forestal do sur de Europa. Galiforest Abanca 2018 acolleu no entorno do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal un espazo de negocio no que participaron máis de 250 firmas expositoras, nacionais e internacionais, que se distribuíron nunha superficie de máis de 35.000 m².

A inauguración de Galiforest Abanca 2018 estivo presidida pola conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, quen salientou a importancia deste sector. A súa facturación anual rolda os 2.000 millóns de euros, representando o 3,5% do PIB galego.

A quinta edición desta feira contou cunha inversión da Xunta de Galicia de máis de 100.000 €. A localización da feira en Sergude contribuíu, ao mesmo

tempo, a dar a coñecer o potencial turístico de Boqueixón entre o público nacional e internacional. Unha ocasión excepcional tamén para fomentar o bo facer da hostelería do municipio entre os numerosos visitantes.

Non en van, o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, animou a todos os asistentes á inauguración da feira a coñecer os principais puntos de interese turístico do municipio.

O Concello reforza a loita contra os incendios con dúas cuadrillas

O Concello de Boqueixón reforza durante os meses de verán a loita contra os incendios coa contratación dun total de 13 efectivos. Estas contratacións foron posibles grazas ao convenio de colaboración asinado polo Concello coa Consellería do Medio Rural.

Ao abeiro de dito acordo, formalizouse a contratación de 2 xefes de brigada, 3 peóns forestais-condutor de motomba, 2 peóns-condutor e 6 peóns forestais, para cubrir os meses do verán.

As tarefas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios serán realizadas a través de dúas cuadrillas. Estas estarán compostas por un xefe de brigada, un peón-condutor e 3 peóns forestais. A maiores, contarase cun reforzo de 3 peóns forestais-condutor de motobomba, co fin de reforzar os traballos.

Boqueixón contou cun stand propio na feira Semana Verde

O Concello de Boqueixón promocionou o seu amplo potencial turístico e gastronómico na Feira Internacional Abanca Semana Verde, que se desenvolveu en Silleda. Ademais de contar con un stand propio, Boqueixón protagonizou xunto con Vedra e Vila de Cruces unha concorrida degustación gastronómica.

A actividade ofreceu aos visitantes a oportunidade de degustar os produtos típicos do Val do Ulla. A parte máis doce aportárona as 250 filloas de Lestedo elaboradas polo Restaurante Vía da Prata e os 160 pinchos de Tarta de Lestedo, que se complementaron con outros 160 petiscos de queixo da Queixería Bo Queixo.



Un intre da degustación de produtos do Val do Ulla desenvolvida nesta feira

As tribus celtas, fieis á su

O programa *Un mes e Pico. Ciclo da Mitoloxía e Sacralidade do Pico Sacro* organizado polo Concello de Boqueixón regresou aos tempos dos antergos coa representación dos rituais de benvida ao Solsticio de Verán. As tribus celtas de Boqueixón e Calobre non faltaron a estas citas, que se desenvolveron tanto no cumio do Pico Sacro coma na cidade de Santiago de Compostela.

A primeira das representacións congregou aos preto de 50 integrantes de ambas as dúas tribus no *Monte Sagrado* para realizaren a Cerimonia do Lume Sagrado. Tras unirse nun desfile que os levou ata a Capela de San Sebastián, o Druída desenfundou o seu bástón en cuxo extremo contaba cunha lupa. Esta utilizouna para captar a enerxía do Astro Rei e, deste xeito, prender no pebeteiro ese Lume Sagrado creado directamente do Sol. A continuación, a Raíña Alda e representantes das tribus celtas depositaron as distintas candeas acendidas na Capela de San Sebastián.

A este lugar regresarían a tarde do 22 de xuño para trasladárense a Santiago, onde realizaron a Ofrenda do Lume Sagrado. A comitiva iniciou o seu percorrido na Alameda compostelá para despois iluminar cos seus fachós as rúas do casco histórico ante a atenta mirada de veciñanza e visitantes.

O desfile finalizou na Praza de Mazarelos onde a Raíña Alda fixo entrega do Lume Sagrado á cidade compostelá. Esta iniciativa foi posible grazas á colaboración da Asociación do Castro da Fervenza de Calobre e do Concello de Santiago.



Un estandarte anunciaba o ritual do Lume Sagrado



A Raíña Alda e o Druída, no centro, despois de completar a Ofrenda



A Raíña Alda encabezou ás tribus celtas de Boqueixón e da Fervenza do Castro de Calobre



Foto de familia con autoridades e pa



O Druída encargouse de acender co seu bástón o Lume Sagrado usando a forza do Astro Rei



A Cerimonia do Lume Sagrado celeb

úa cita co Lume Sagrado



do Lume Sagrado na Praza de Mazarelos de Santiago



As tribus celtas durante o seu desfile pola Alameda compostelá, onde comezaron o percorrido pola cidade



participantes na Ofrenda do Lume Sagrado realizada en Mazarelos



rouse a carón da Capela de San Sebastián, no Pico Sacro

A Capela de San Sebastián encheuse de charlas, proxeccións e música en directo

Aínda que as dúas representacións do Lume Sagrado foron os actos centrais, o programa *Un mes e Pico* tamén ofreceu diversas actividades durante todo mes de xuño. Entre elas cómpre salientar a presentación do documental *Lupa, na procura do mito da Raíña Loba*.

A esta proxección sumouse a conferencia protagonizada polo conferencianta Rafael

Quintía. Centrou a súa charla no mito da Raíña Lupa e na súa relación co Pico Sacro.

Como broche de ouro a este completo ciclo sobre a mitoloxía do Pico Sacro, ofreceuse unha nova conferencia na Capela de San Sebastián, que correu a cargo de Xosé Manuel Lobato. Esta sesión concluíu cos acordes do piano de Sofía Silva Carbajales.



O programa 'Un mes e Pico' pechou cunha charla de Xosé Manuel Lobato e un recital de Sofía Silva



Presentación do documental da Raíña Lupa



Comezo da conferencia de Rafael Quintía

Animados festivais de fin de curso na Escola Infantil, Ocioteca e no CRA Boqueixón-Vedra

Os máis cativos e cativas de Boqueixón gozaron cos animados festivais de fin de curso celebrados pola EIM Raíña Lupa, o CRA Boqueixón-Vedra e a Ocioteca Municipal.

Exhibicións de baile e representacións teatrais centraron as propostas tanto da Escola Infantil coma da Ocioteca Municipal. Ambos os dous festivais desenvóléronse na Casa da Cultura de Camporrapado.

Pola súa banda, o CRA Boqueixón-Vedra celebrou na Carballeira de San Fins a súa tradicional Festa de Licenciatura. Desta volta, licenciáronse tres nenos de Primaria que pasan para terceiro de Primaria e 32 nenos/as de 6º de Infantil que pasan á etapa de Primaria. Tamén se despediron catro mestras do CRA; entre elas, a ata o de agora directora do centro, Yolanda Neira.

Entre as actividades que se organizaron dende a ANPA do centro, ofrecéronse festa da escuma, espectáculo de malabares, hinchables e unha merenda.



Festa da escuma do CRA Boqueixón-Vedra



Un intre do festival da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa



O festival do CRA incluíu unha actuación de malabares



Grupo de baile da Ocioteca boqueixanesa antes de actuar



Asistentes á celebración do fin de curso da Ocioteca



Os maiores de Boqueixón gozaron dunha animada xornada na Illa de Arousa

Medio cento de participantes na Andaina de Maiores de Boqueixón

Medio cento de persoas participaron IV Andaina de Maiores do Concello de Boqueixón. Esta xornada puxo o broche final á programación anual de Ximnasia de Mantemento das Escolas Deportivas municipais.

O percorrido levou este ano aos participantes á Illa de Arousa, onde com-

pletaron unha andaina de sete quilómetros pola Ruta do Faro. Os asistentes gozaron, deste xeito, dunha xornada de encontro e deporte ao aire libre, ao tempo que corroboraron a utilidade das clases de ximnasia de mantemento nas que participaron durante todo este curso.



Unha ducia de persoas realizaron os exames de certificación de Oxford



O Colexio do Forte acolleu a entrega de diplomas dos cursos de inglés



O programa de inglés conta con cursos para cativada a partires dos tres anos

Boqueixón acolle por primeira vez exames para os certificados de inglés de Oxford

O Concello de Boqueixón acolleu por primeira vez os exames para os certificados de nivel de inglés B1 e B2 de Oxford, que supoñen unha acreditación de coñecementos internacional. As probas realizáronse nas instalacións do CPIP Antonio Orza Couto, en O Forte, e participaron un total de dez alumnos e alumnas.

A realización dos exames probará os coñecementos adquiridos polo alumnado dos distintos cursos de inglés que organiza o Concello de Boqueixón durante o ano. Son máis dun cento as persoas, a partires de 3 anos ata adultos, que participan nestas actividades formativas desenvolvidas durante o curso escolar.

O programa municipal formativo na lingua de Shakespeare busca mellorar as competencias en lingua estranxeira da veci-

ñanza. Tras unha década dende a súa implantación, o Concello de Boqueixón dá un paso máis e proporciona tamén a posibilidade ao alumnado de realizar as probas de nivel de Oxford sen ter que desprazarse a Santiago de Compostela.

Estas probas completáronse logo da celebración da despedida do curso por parte dos distintos grupos de inglés no propio colexio do Forte, lugar no que se desenvolve as clases. Nesta xornada final, o alumnado recibiu cadanseu diploma acreditativo de completar un novo curso.

A mediados des mes de xullo, o Departamento de Educación e Cultura de Boqueixón abrirá o prazo de preinscrición para as novas matrículas nos seus cursos de inglés. A finais do verán, iniciárase o proceso ordinario de matriculación.

Xantar do programa de prevención da dependencia

O programa de prevención da dependencia de Boqueixón concluíu as actividades deste curso cun xantar. Á cita acudiron o alcalde, Manuel Fernández Munín; a edil de Servizos Sociais, Ana María Seijo, e a presidenta de AGADEA, Isabel Gey. As actividades retomaranse en outubro.



O alcalde de Boqueixón, a edil de Servizos Sociais e a presidenta de AGADEA, acudiron a este encontro

Clausura das actividades deportivas e gala de patinaxe

O Concello pechou as actividades deportivas municipais con dúas xornadas. A primeira foi a II Festa de Fin de Curso no Forte. Participou o alumnado das Escolas Deportivas Municipais, da APA do CPI Antonio Orza Couto e da EF Boqueixón. Houbo exhibicións das distintas disciplinas, masterclass de zumba e pilates para adultos, mostra de manualidades, campionatos de xadrez, fútbol 3x3, inchables, xogos e actividades de psicomotricidade e merenda.

Pola súa banda, o pavillón de Lestedo acolleu a Gala de Patinaxe Artística, organizada polo Club Ágora, e que contou co alumnado das Escolas Deportivas de Boqueixón e Vedra.



O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e a edil de Cultura e Deportes, Mari Botana, coas alumnas de patinaxe



Alumnado de Zumba Kids e karate tras recibiren os seus diplomas na clausura das actividades deportivas en O Forte

AXENDA DO MES DE XULLO

Luns
2

Verán Activo

O Forte

09.00 a 14.00 horas
Comezo da quenda de xullo do programa de conciliación estival
Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Venres
13

Ler conta moito:

'A cantar poesía con Manole de Felisa'

Centro de Interpretación do Pico Sacro (Lestedo)
19.00 horas
Actividade gratuíta
Sesión de animación á lectura para nenos e nenas de 3 a 12.

Venres
13

Noite de cine:
'Pérez, o ratiño dos teus soños'

Carballeira de Rodiño
22.30 horas
Actividade gratuíta

Xoves
19

Aquapark de Cerceda

Menores 4 anos, de balde (acompañados por un adulto)
7 € (de 5 a 12); 10 € (máis de 12)
Inscripcións ata cubrir prazas.

Venres
27

Espectáculo de humor:
'Os outros garabatos: Cores, colorines'

Salón de actos colexio do Forte
10.00 horas
Actividade gratuíta
Dirixido a público infantil.
Colabora: Deputación Coruña.

Venres
27

Taller de Observación de Estrelas

Pico Sacro
22.30 horas
Actividade gratuíta
Programa TODOSCOSMOS.

Mércores
1

e en agosto...

Verán Activo

O Forte

09.00 a 14.00 horas
Comezo da quenda de agosto do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Mércores
1

Campo de traballo
'Ponte cara a historia'

Boqueixón
Actividade xuvenil que comprenderá a limpeza da Ponte Ledesma e outras actuacións no municipio.

Xoves
9

Coñece Galicia:
Costa da Morte

Prezo: 25 euros
Mañá: visita a Muxía e Fisterra.
Tarde: visita a Muros e Ézaro.
Inscripcións ata cubrir prazas.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com